



Xosé Luís Groveiro González, concelleiro do grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) neste Concello, presenta a seguinte **moción** diante do Alcalde e do Pleno da Corporación Municipal en relación co estudo técnico sobre os cheiros e inundacións en Ribeira

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde hai moito tempo o BNG ten presentado iniciativas tendentes á superación dos problemas de cheiros e inundacións que o mal funcionamento da rede de sumidoiros ven causando á cidadanía de Ribeira. É este un problema que, sendo competencia de xestión municipal, non ten visos de solución pese a vir de moito tempo atrás. Por lembrar só algunha das últimas iniciativas, o BNG presentou en Outubro de 2007 unha moción instando ao Goberno Municipal á elaboración por empresa competente dun estudo técnico serio que incluíra as medidas correctoras posibles para poñer fin aos graves problemas de funcionamento da rede de sumidoiros en Ribeira. Incomprensiblemente, esta proposta fora rexeitada pola maioría de goberno do Partido Popular.

En maio de 2008 volvéronse producir graves problemas de inundacións e cheiros no centro de Ribeira provocando as lóxicas protestas de veciños e comerciantes que, unha vez máis, vían seriamente afectada a súa actividade normal. Foi nestas datas que o Goberno Municipal anuncia na prensa *“a inmediata contratación a unha empresa especializada dun informe técnico que, ao mesmo tempo ofrezca solucións a este problema”*. O Goberno Municipal asume así a proposta do BNG que rexeitara nove meses antes.

Como queira que xa pasaron outros nove meses daquel anuncio, o grupo Municipal do BNG presenta a seguinte proposta de

ACORDO

- 1.- O Goberno Municipal informará aos grupos municipais e poñerá á súa disposición o estudo realizado sobre o estado da rede municipal de sumidoiros.
- 2.- O Goberno municipal levará a cabo, dun xeito planificado, as actuacións recomendadas no estudo, e outras se fora preciso, para poñer fin ao grave problema de cheiros e inundacións que sofre periodicamente o noso concello.
- 3.- Mentres non se solucione totalmente o problema, o Goberno Local poñerá en marcha medidas que minimicen e compensen, no seu caso, os problemas causados á cidadanía

Ribeira, 14 de Novembro de 2008

Asdo.: Xosé Luís Groveiro González